



"As novas tecnoloxías dan moito xogo no rural"

Carme Vidal
Imaxe: SG

O seu traballo é ser axente TIC no Concello de San Sadurniño. Así como soa. Se Carme Suárez Nieto debulla o seu oficio, atopámonos cunha dinamizadora social a través das novas tecnoloxías. Con moito entusiasmo, é quen de convencer a unha muller de 85 anos do rural para se pór diante do ordenador e botar abaixo dun click a chamada fenda tecnolóxica. Se lle preguntamos polo web falamedesansadurnino.org, amosa tal convecemento que ben daría para gravar unha "foto falada".

Terá que explicar moitas veces a súa profesión... en que consiste ser "axente TIC"?

En achegar as Tecnoloxías da Información e Comunicación a toda a cidadanía, en especial aos colectivos con maiores dificultades, persoas maiores, mulleres... Facémolo a través da formación e de tentar sermos de utilidade, e tamén con novas iniciativas, como Fálame de San Sadurniño.

A iso ía, mais xa se ve que lle apura falar do tema! De que se trata, logo, Fálame de San Sadurniño?

Permite mostrarlle á xente as posibilidades da rede, é unha ferramenta moi potente desde o punto de vista da formación. O apartado de "fotos faladas" implica moitas persoas que se animan a participar, e ofrece unha mestura de contidos, do pasado ao presente de San Sadurniño

Fotos faladas?

Permitennos crear comunidade a través da web; que se transmita a identidade e a fala. Participan desde cativos a persoas maiores, que achegan unha foto e comentan arredor dela. Comezamos o 17 de maio -día da Internet e as Letras- para mesturar a fala e as Tics, cun primeiro obradoiro, con once persoas, e o resultado foi abraiante.

En que consistía ese obradoiro?

Era colaborativo. A xente traía fotos e historias de persoas anónimas. Escaneábanse, retocábanse, localizabamos onde se fixera e gravabamos un audio coa explicación de cada quen. Dalgunha maneira, son como unha misioneira das Tics! A clave está en mostrar a súa utilidade.

As novas tecnoloxías teñen o seu ámbito no mundo urbano. Tamén se están a desenvolver no rural?

Internet permite que no rural estees conectada e facilita a vida neste contorno. Podes facer moitos servizos sen te teres que desprazar, como pedir unha cita médica, poño por caso. En San Sadurniño achegamos tamén as novas tecnoloxías ás parroquias. Agora mesmo estou impartindo un curso en Naraío, en especial para mulleres maiores, unha delas con 85 anos.

Se seguen a este ritmo, San Sadurniño terá un inmenso centro de documentación con participación veciñal na rede.

Pois é un dos obxectivos: promover a concello, e iso anima a veciñanza. En pouco máis de tres meses colaboraron arredor de 50 persoas nas fotos faladas, que achegaron documentos, grupos de música que ceden temas para a páxina, empresas... Estase establecendo unha rede de colaboración arredor do propio concello. As Tics son necesarias no proceso de dinamización do rural.

Recomenda o Fálame... como ferramenta para outros concellos rurais?

Claro! Motiva a xente para que se achegue á rede e achega experiencias para compartir arredor do concello. En tres meses son 42.000 páxinas vistas e máis de catro mil visitantes!